



Armando Requeixo, *Xosé María Díaz Castro. Vida e obra*, Vigo, Galaxia, 2013, 193 pp.

Xosé María Díaz Castro. Vida e obra (2013) é unha monografía escrita por Armando Requeixo (Mondoñedo, 1971) e publicada pola editorial Galaxia.

A obra é o resultado de longos anos de investigación arredor do autor ao que se dedica este ano o **Día das Letras Galegas**, un escritor que o pasado 19 de febreiro foi homenaxeado tamén con motivo do centenario do seu nacemento.

O libro estrutúrase ao longo de dous amplos capítulos que se artellan arredor da biografía do autor, dunha parte, e da escrita deste, por outra. No primeiro destes grandes bloques vai facéndose un percorrido detallado pola súa peripecia vital na que é a máis completa achega sobre a vida de Díaz Castro. Sabemos, así, da súa nacementa no Vilariño dos Cregos, na parroquia gutiricense dos Vilares de Parga, hai agora un século, de como foi alí un rapaz aplicado nos estudos dende o primeiro momento e como lle axudou a se formar dende a primeira hora o feito de que na súa casa houbese costume lector, pois recibían xornais e tiñan unha pequena biblioteca, cousa non usual en familias de extracción rural.

Nos seguintes capítulos vaise dando conta da súa entrada ao Seminario de Mondoñedo como alumno, onde foi interno entre 1929 e 1936. Alí coñeceu ao seu grande amigo Aquilino Iglesia Alvariño, chegou a saudar a Antonio Noriega Varela e coincidiu en faladoiros locais con outros autores como Álvaro Cunqueiro ou Xosé Díaz Jácome.

Tras o episodio bélico, que pasa como enfermeiro no Hospital de Pontevedra, Requeixo explica como chega ás terras da Arousa para pasar formar parte do claustro de profesores do prestixioso colexio León XIII de Vilagarcía, onde permaneceu entre 1940 e 1947.

En 1948 marchou a Madrid. Alí traballou en diferentes organismos nos que foi tradutor oficial: o Ministerio da Gobernación, o Instituto de Cultura Hispánica e, finalmente, o CSIC. A esta súa vida como tradutor de profesión sumou a vertente de tradutor literario, faceta na que deu a coñecer importantes versións de grandes premios Nobel (Jensen, Pontoppidam, Heidenstam) e doutros autores moi populares como o Iam Fleming, que creara o famoso Axente 007.

Foi en Madrid, como lembra Requeixo, onde o poeta, que xa principiara a publicar versos en revistas e xornais de Pregarra, comezou a facerse coñecido polas súas

colaboracións primeiramente na revista viguesa *Alba* a fins dos 40 e primeiros 50 e, sobre todo, pola súa inclusión na *Escolma de poesía galega. IV. Os contemporáneos* que preparara Francisco Fernández del Riego en 1955, pasos previos que conduciron á aparición da súa obra referencial, o poemario *Nimbos*, que viu luz en xullo de 1961 e que, xunto co tríptico *Nascida d'un sono* (aparecido en 1947 pero que gañara os Xogos Florais de Betanzos de 1946), é todo o publicado de modo exento polo autor.

Tras demorar nos días e os traballos de Díaz Castro no Madrid dos anos 60 e 70, Requeixo dá conta do regreso do escritor ao seu Guitiriz natal nos 80, logo da súa xubilación. Foron, estes, anos moi fértiles para o poeta, pois (re)encontrouse con outros escritores cos que tivera relación dende había anos na distancia (Ramón Piñeiro, Francisco Fernández del Riego ou Ricardo Carballo Calero) e fixo novas e firmes amizades con outros (Alfonso Blanco Torrado, Xulio Xiz Ramil, Luís González Tosar, Manuel María ou Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer). Tamén agora volveu facer pública a súa actividade autorial tras unha longa paréntese de silencio, polo que apareceron textos seus en revistas como *Dorna*, *Amencer* ou *Xermolos*, amais de nalgún libro como no colectivo *Os escritores lucenses arredor de Ánxel Fole* (1986).

As últimas páxinas desta documentada biografía de Requeixo céntranse nas moitas homenaxes e recoñecementos que nos derradeiros anos se lle fixeron ao poeta, na súa participación en eventos públicos e nos múltiples lazos literarios que estreitou antes do seu definitivo adeus, o 2 de outubro do 1990 no Hospital Xeral de Lugo.

O segundo gran bloque do libro ocúpase, sobre todo, da obra poética en galego de Díaz Castro. Primeiramente, divídese esta en etapas e caracterízase xeracionalmente o escritor. Nun segundo momento, faise unha análise da obra édita (*Nascida d'un sono*, *Nimbos* e a trintena de poemas non compilados que o escritor publicou principalmente en revistas e xornais) e tamén da produción inédita (tanto os poemarios de Pregarra *Follas verdes* (1934) e *Follas ô aire* (1935) coma unha vintena longa doutros poemas soltos). A seguir, Requeixo detalla outras facetas literarias de Díaz Castro, que inclúen a numerosa poesía en castelán, a ocasional noutras linguas (francés, alemán e latín), as prosas humorísticas e os relatos, as abondosas traducións literarias e non só e mesmo os artigos, colaboracións xornalísticas e outros ensaios breves existentes.

O libro péchase cun apartado final no que Requeixo reflexiona verbo da presenza e actualidade da poesía de Díaz Castro dende que aparecera *Nimbos* en 1961 ata a actualidade, demostrando como cada nova promoción, cada xeración que se sucedeu recibiu o herdo e o legado creativo do autor para transformalo e, nalgúns casos, procesalo en homenaxe.

O cabo da obra é a escolleita bibliografía final sobre o poeta, onde se recolle unha completa relación dos traballos máis destacados escritos arredor da biobibliografía diazcastriana.

En conxunto, *Xosé María Díaz Castro. Vida e obra* constitúe unha achega fundamental para aproximarse á figura do escritor que homenaxeamos nestas Letras Galegas, un poeta e tradutor gutiricense, chairego, galego e universal.